PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 11:32:52
Nº Rexistro: 21994
Data envio: 17/09/2021 11:32:52.889

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 17/09/2021 11:12:44

Alexandra Fernández Gómez na data 17/09/2021 11:12:49

Paulo Ríos Santomé na data 17/09/2021 11:12:59

Mercedes Queixas Zas na data 17/09/2021 11:13:04

CSV: BOPGDSPG5a2w8MoIB3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 09:49:49
Nº Rexistro: 22076
Data envio: 20/09/2021 09:49:49.036

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Mercedes Queixas Zas, Iria Carreira Pazos** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, sobre a investigación xudicial en curso na residencia Concepción Arenal da Coruña.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola gravidade dos feitos que atentan contra o dereito a unha vellez digna.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A residencia Concepción Arenal situada no barrio de Matogrande na cidade da Coruña é un dos centros de titularidade pública que a Xunta de Galiza ten privatizados e en mans da empresa DomusVI.

Segundo recollen os medios de comunicación, a empresa vai ser xulgada polo falecemento dunha usuaria en 2019 despois de pasar a noite con febre e vomitando sen que a residencia contase con enfermeiras na quenda de noite.

De acordo coas investigacións policiais e as denuncias das traballadoras a ausencia de persoal de enfermaría nas noites era recorrente e, coa información da que dispomos desde o Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a Xunta de

CSV: BOPGDSPG5a2w8MoiB3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 09:49:49
Nº Rexistro: 22076
Data envio: 20/09/2021 09:49:49.036

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Galiza era sabedora desta situación pois incoou expediente e sancionou a empresa polo incumprimento reiterado das rateos en xaneiro de 2020.

Porén, malia que a residencia é de titularidade pública, o Goberno galego a través da Consellaría de Política Social di que non se personará no xuízo asegurando que a responsabilidade é da empresa, neste caso DomusVI.

Para o Bloque Nacionalista Galego este caso concreto permite tirar algunhas reflexións:

1.- As consecuencias nefastas do modelo privatizador das residencias de maiores pois o incumprimento das rateos deriva dun recorte de persoal que atinxiu outras categorías profesionais como a seguridade do centro.

2.- A pasividade e mesmo connivencia coa que actúa a Xunta de Galiza diante de denuncias tan graves que supoñen a vulneración de dereitos fundamentais tanto das traballadoras como, especialmente, das persoas usuarias.

3.- A necesidade imperiosa de mudar de modelo a comezar por fixar unha lexislación específica que garanta o dereito a unha vellez digna nas residencias de maiores galegas e que endureza o servizo de inspección e, sobre todo, o réxime de sancións pois o incumprimento de rateos de persoal que merman a calidade asistencial e mesmo vulneran os dereitos fundamentais das persoas usuarias poden ventilarse con multas de apenas 1.800 euros que son moitísimo menos do que custa contratar unha enfermeira para cubrir a quenda de noite.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

CSV: BOPGDSPG5a2w8MoiB3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 09:49:49
Nº Rexistro: 22076
Data envio: 20/09/2021 09:49:49.036

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

a) Personarse como parte no proceso xudicial polo falecemento dunha usuaria na residencia de maiores Concepción Arenal da Coruña.

b) Desenvolver de inmediato as accións que sexan oportunas para iniciar o proceso de recuperación para o público da xestión das residencias de maiores de titularidade pública cuxa xestión foi privatizada."

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 20/09/2021 09:48:33

Iria Carreira Pazos na data 20/09/2021 09:48:45

CSV: BOPGDSPG5a2w8MoiB3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 09:49:49
Nº Rexistro: 22076
Data envio: 20/09/2021 09:49:49.036

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 20/09/2021 09:48:52

Olalla Rodil Fernández na data 20/09/2021 09:48:58

CSV: BOPGDSPG5a2w8MoiB3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 11:49:51
Nº Rexistro: 22098
Data envio: 20/09/2021 11:49:51.515

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé** e deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de debater e tomar un acordo de xeito inmediato en sede parlamentar sobre a tramitación do anteproxecto de lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza está a tramitar un novo Anteproxecto de Lei de mellora do ciclo da auga. Este novo texto ven despois do seu fracaso ao intentar impoñer a coñecida como SOGAMA da auga no ano 2019. O obxectivo deste anteproxecto de lei alónxase moito do seu título pois nada do seu contido supón ningunha intervención na mellora da xestión do ciclo da auga por parte da Xunta de Galiza.

Trátase ademais dunha decisión unilateral da Xunta, que vén precedida de

- Unha política de investimentos, maiormente fondos europeos, en infraestruturas hidráulicas errática, clientelar e non adaptada á realidade galega, como se

CSV: BOPGDSPG5a2w8MoiB3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 11:49:51
Nº Rexistro: 22098
Data envio: 20/09/2021 11:49:51.515

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pon de manifesto entre outros ámbitos nas deficiencias construtivas, de emprazamento, funcionais e técnicas das EDARES e das redes de colectores.

- Un incumprimento sistemático do marco normativo (Directiva Marco da Auga, lexislación estatal, lexislación galega). O caso máis claro e máis escandaloso é o incumprimento pola Xunta da obriga de elaborar os plans xerais de abastecemento e saneamento, como documentos de planificación e xestión previos ás decisións de aprobación de nova normativa.

- A incapacidade para crear o Consello para o Uso Sustentábel da Auga, previsto na lei de augas de Galiza de 2010.

- A incapacidade para levar o bo termo o Pacto Local da Auga, que tiña como finalidade establecer unha estrutura tarifaria homoxénea e de referencia para o ciclo urbano da auga en toda, e determinación de criterios claros de prioridade nos investimentos en materia de obras hidráulicas.

- Un sistema competencial fragmentado e incompleto, no que resulta especialmente aberrante a distribución competencial sobre concas hidrográficas. A Xunta de Galiza non ten dado ningún paso nos últimos doce anos para ter a competencia sobre a totalidade do sistema hidrolóxico galego. A mellora e xestión efectiva do ciclo da auga en Galiza precisa ter a competencia sobre a totalidade do sistema hidrolóxico galego e non só sobre a bacía de Galiza-costa, xa que o resto do sistema é de competencia estatal.

Os obxectivos reais do anteproxecto poden resumirse en dous: un primeiro é incrementar de xeito abusivo a carga fiscal da Xunta en relación ao ciclo da auga aos Concellos, ás entidades de xestión da auga e ás usuarias domésticas e asimilábeis; e un

CSV: BOPGDSPG5a2w8MoiB3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 11:49:51
Nº Rexistro: 22098
Data envio: 20/09/2021 11:49:51.515

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

segundo obxectivo é derivar nas entidades locais, Concellos e Deputacións, as súas obrigas e competencias.

Este anteproxecto de Lei pretende incrementar o recadado polo canon da auga cunha modificación do mesmo para estabelecer unha nova cota. Será para persoas usuarias da rede e entidades titulares das redes de abastecemento (Concellos e comunidades de augas fundamentalmente) que non acaden o obxectivo de reducir as perdas do sistema ao 20% da auga captada. No canto de planificar melloras en colaboración cos concellos e entidades titulares das redes de abastecemento limítase a introducir un incremento no canon para sancionar a quen presta e recibe o servizo. E fai isto sen que por parte da Xunta se teña avanzado na planificación do abastecemento. Como se se tratase dunha broma pesada faino nun ano no que vimos como as eléctricas baleiraban os encoros galegos para lucrarse da nosa auga.

O anteproxecto tamén introduce un canon de abastecemento para aquelas infraestruturas de abastecemento que xestiona a Xunta, novamente este canon non está acompañado de ningún estudo de costes e supón un importante incremento sobre o coste actual.

O canon da auga non é o único tributo que incrementa a Xunta. Tamén transforma o coeficiente de vertedura en dous novos tributos: o canon de depuración e o canon de colectores. Incrementa o canon de depuración na fórmula de cálculo e introduce a obrigatoriedade de pago dos Concellos de canon de depuración pola auga da chuvia. Despois de anos de nula xestión do sistema de depuración por parte da Xunta e de escasa colaboración cos Concellos na mellora da rede de saneamento, pretende obrigar aos concellos a pagar pola depuración da auga da chuvia. O problema da entrada da auga da chuvia nas edrares ten máis que ver cun sistema de saneamento que non se adapta ás características de Galiza e cun modelo de saneamento do rural impulsado

CSV: BOPGDSPG5a2w8MoiB3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 11:49:51
Nº Rexistro: 22098
Data envio: 20/09/2021 11:49:51.515

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desde a Xunta que non ten en conta o noso modelo de asentamento poboacional que coa xestión da rede que se fai por parte dos Concellos.

Máis de unha década sen elaborar o Plan Xeral de Saneamento de Galiza e agora pretende incrementar a carga fiscal sobre os Concellos e sobre os seus veciños e veciñas, para financiar a xestión das edares. Por se non lle chega con este cambio fiscal, introduce un novo canon para os Concellos e a súa veciñanza, pagar unha taxa polos colectores que xestiona a Xunta, separando as depuradoras dos colectores de entrada aos mesmos. Con estes tres cambios fiscais: canon da auga, canon de depuración e canon de colectores a Xunta multiplica por tres a carga fiscal actual pola xestión do ciclo da auga sen que isto supoña ningunha mellora na súa xestión por parte da Xunta.

Ademais, introduce condicións de financiamento e colaboración coas entidades locais en materia de abastecemento e saneamento arbitrarias, sen ter base nun estudo da realidade da xestión do ciclo da auga, sen ter en conta a capacidade económica dos Concellos e sen incluír o esforzo orzamentario que levan feito os Concellos nesta materia. Chega a invadir competencias doutras administracións ao pretender estabelecer mediante lei un sistema de financiamento a terzos (Deputacións, Concellos, Xunta) das infraestruturas hidráulicas nos concellos de menos de 20.000 habitantes.

A falta de interese por parte da Xunta de chegar a unha axeitada xestión do ciclo da auga tamén se pon de manifesto polo feito de ter exposto a suxestións este Anteproxecto de Lei durante o verán, conscientes das dificultades dos Concellos para estudalo nesa época e da sociedade en xeral para poder coñecelo. Un interese real por resolver un problema tan grave para Galiza como a xestión do ciclo da auga precisa dunha actuación con altura de miras, con visión de país e con medidas reais para implicar a todos actores involucrados na súa solución: Xunta, Entidades locais, comunidades de Augas, empresas, movemento asociativo e persoas usuarias…

CSV: BOPGDSPG5a2w8MoiB3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 11:49:51
Nº Rexistro: 22098
Data envio: 20/09/2021 11:49:51.515

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O anteproxecto de lei carece dunha visión global do problema adaptado ás características do noso pais (modelo de asentamento poboacional, ciclo hidrolóxico, entidades comunitarias xestoras do ciclo da auga, actividades consumidoras de auga, necesidades de rexeneración de cauces e litoral…), e tampouco contribúe a aclarar as necesarias competencias sobre a totalidade dos recursos hidrolóxicos do pais.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª polo trámite de urxencia:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Paralizar a tramitación e retirar o Anteproxecto de Mellora do Ciclo Integral da Auga, e elaborar previamente unha planificación xeral dunha da xestión do ciclo da auga adaptada á realidade galega e aos principios da nova cultura da auga. Para este proceso de planificación, abrirase un marco de negociación con todas as entidades e axentes implicadas na xestión do ciclo da auga.

2. Concluír os traballos do pacto local da auga.

3. Crear o Consello para o Uso Sustentábel da Auga.

4. Consensuar coas administracións locais os criterios dos plans de investimentos en obras hidráulicas para o período 2021-2030, nomeadamente no que ten que ver coa elaboración e aprobación do Plan hidrolóxico Galiza Costa e cos proxectos a financiar con fondos europeos, tanto do Next Generation como do marco 2021-2027.

5. Reclamar do Estado a competencia sobre a totalidade do sistema hidrolóxico na Galiza."

CSV: BOPGDSPG5a2w8MoiB3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 11:49:51
Nº Rexistro: 22098
Data envio: 20/09/2021 11:49:51.515

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 20/09/2021 10:55:03

Paulo Ríos Santomé na data 20/09/2021 10:55:10

Xosé Luis Bará Torres na data 20/09/2021 10:55:15

CSV: BOPGDSPG5a2w8MoIB3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 13:05:14
Nº Rexistro: 22154
Data envio: 20/09/2021 13:05:14.531

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé** e deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª polo trámite de urxencia**, sobre o baleirado de encoros e competencias hidráulicas.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de debater e adoptar un acordo no Parlamento sobre o baleirado de encoros e as competencias hidráulicas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos pasados meses de xuño, xullo e agosto produciuse un escandaloso baleirado de encoros na bacía hidrográfica Miño-Sil, de competencia estatal. Foron promovidos polas empresas Naturgy e Iberdrola con intención de aproveitar o contexto de suba abusiva do prezo da luz para obter beneficios millonarios. Cómpre ter en conta que na última década das empresas obtiveron ingresos de máis de 4.000 millóns de euros da explotación dos encoros galegos.

Esta actuación especulativa, abusiva e agresiva para o medio natural levouse a cabo coa complicidade e coa pasividade tanto da Confederación Hidrográfica Miño Sil como da Xunta de Galiza, que malia coñecer as intencións das eléctricas desde comezos do mes de xuño non fixeron nada para evitar o baleirado. No caso da Xunta de Galiza,

CSV: BOPGDSPG5a2w8MoiB3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 13:05:14
Nº Rexistro: 22154
Data envio: 20/09/2021 13:05:14.531

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

produciuse unha reacción tardía e sobreactuada, a finais de agosto, pola presión social e mediática e no medio dunha escandalosa escalada dos prezos da electricidade.

Malia contar con algunhas competencias en materia de pesca fluvial e patrimonio natural que lle permitirían actuar desde que se recibiron as primeiras comunicacións da empresa Iberdrola, o 10 de xuño e o 12 de xullo, a Xunta non tomou ningunha medida para evitar o baleirado dos encoros. Só o fixo a posteriori, cando o mal xa estaba feito, pola alarma social creada e a grande repercusión dos feitos nos medios de comunicación.

Por outra parte, dáse a circunstancia de que a maioría do PP promoveu no ano 2020 a aprobación dunha nova lei de pesca continental (a lei 2/2021), que entrou en vigor a comezos de 2021, na que se rebaixa a contía das sancións relacionadas coa "alteración de modo apreciábel do nivel das augas ou do caudal dun río, cando poidan derivar danos para as especies piscícolas". Este tipo de infraccións, que no regulamento de ordenación da pesca fluvial de 1997 fora tipificada como moi grave (con sancións máximas de 300.000 euros), pasou a ser cualificada como grave, (con sanción máxima de 25.000 euros). De todo isto derívase que ás grandes empresas eléctricas, que tiveron beneficios milmillonarios en 2020, resúltalles moi barato infrinxir a lei.

Aos feitos anteriores hai que engadir as dificultades e limitacións do actual marco competencial, xa que Galiza non ten as competencias plenas sobre todas as bacías hidrográficas do seu territorio, o que dificulta gravemente a ordenación, planificación, xestión, control e aproveitamento dos seus recursos hidrográficos e enerxéticos.

CSV: BOPGDSPG5a2w8MoiB3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 13:05:14
Nº Rexistro: 22154
Data envio: 20/09/2021 13:05:14.531

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª polo trámite de urxencia:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Informar ao parlamento e á sociedade galega sobre as actuacións en relación co baleirado de encoros na bacía hidrográfica Miño-Sil, e as razóns polas que non interveu de maneira inmediata para evitar os riscos derivados desta actuación.

2. Modificar a Lei de pesca continental no seu capítulo de infraccións e sancións, incrementando a gravidade de infraccións como a que se produciu este verán e aumentando sensibelmente a contía das sancións cando as empresas obteñan beneficios millonarios.

3. Demandar do goberno do estado as transferencias de todas as bacías hidrográficas que discorren na súa meirande parte por territorio galego, para así poder desenvolver unha xestión integral sobre toda a rede hidrográfica."

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG5a2w8MoIB3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 13:05:14
Nº Rexistro: 22154
Data envio: 20/09/2021 13:05:14.531

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 20/09/2021 12:57:46

Alexandra Fernández Gómez na data 20/09/2021 12:58:03

Paulo Ríos Santomé na data 20/09/2021 12:58:09

Xosé Luis Bará Torres na data 20/09/2021 12:58:15

CSV: BOPGDSPG5a2w8MoiB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 13:49:29
Nº Rexistro: 22169
Data envio: 20/09/2021 13:49:29.172

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, relativa á morte dun doente nunha ambulancia sen condicións técnicas nin persoal.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de debater e adoptar un acordo no Parlamento sobre a situación do Servizo de Transporte Sanitario Terrestre de doentes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A CIG ven de denunciar o falecemento o pasado 16 de setembro dun doente mentres era trasladado ao hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo nunha ambulancia que non estaba adaptada para poder prestar asistencia sanitaria, ademais de contar unicamente cun condutor.

Segundo a información facilitada o doente viaxaba no interior da ambulancia acompañado por un familiar e sufriu unha indisposición, diante da cal non se lle podo realizar as necesarias tarefas de atención, xa que nin se contaba co material necesario para facelas, nin espazo, nin co persoal. O vehículo é de tipo A e non está adaptado para poder prestar asistencia sanitaria e na mesma só ía un condutor.

CSV: BOPGDSPG5a2w8MoIB3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 13:49:29
Nº Rexistro: 22169
Data envio: 20/09/2021 13:49:29.172

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As peticións de que é preciso reforzar o servizo de ambulancias na Área Sanitaria de Vigo veñen de lonxe. Reforzo preciso para que o 061 teña vehículos na súa propia rede, adaptados para poder prestar asistencia sanitaria en ruta e cunha dotación de dous profesionais co título de técnic@. As peticións son sistematicamente desatendidas por parte do Sergas, do 061, que na vez de reforzar con medios propios, continúa prestando servizos en precario, botando man de empresas sen realizar licitacións e sen as condicións precisas. No caso de Vigo co Colectivo Extremeño de Ambulancias (Coexam).

Segundo veñen denunciando esta empresa presta servizos para o 061 con até catro ambulancias, tres delas son de tipo A, polo que non están preparadas para prestar asistencia sanitaria, en ocasións usan de tipo B, pero cun só condutor/a, que non está permitido na normativa de transporte sanitario de Galiza. A maiores non conta con instalacións axeitadas en Vigo para realizar as labores de limpeza e desinfección e agarden os vehículos mentres non son activados para realizar os servizos.

Dentro do sistema sanitario o Servizo de Transporte Sanitario Terrestre de doentes ten un papel esencial, e como tal, debería estar perfectamente inserido no mesmo e contar cos recursos e persoal preciso para prestar unha atención sanitaria de calidade, mais esa non é a realidade. Son habituais as denuncias de irregularidades na prestación do servizo. Infelizmente este non é un caso illado, chove sobre mollado, porque non estamos a falar dunha cuestión puntual, dun descoido, senón dunha práctica constante que non ten ningunha xustificación.

O BNG considera preciso que a Xunta de Galiza dea explicacións, depure responsabilidades e rectifique, diante do fatal desenlace da morte dunha persoa nunha ambulancia, que todo indica que non cumpría a normativa do transporte sanitario que en Galiza ven regulado no Decreto 52/2015, do 5 de marzo, no que se establecen as

CSV: BOPGDSPG5a2w8MoiB3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 13:49:29
Nº Rexistro: 22169
Data envio: 20/09/2021 13:49:29.172

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

condicións técnicas requiridas aos vehículos, ambulancias, que prestan o servizo de transporte sanitario por estrada, así como a dotación de persoal precisa e a cualificación profesional requirida.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

"O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1. Presentar no prazo dun mes un informe no Parlamento galego que contemple a seguinte información:

-Tipo de contratación realizada polo 061 para reforzar a Rede de Transporte Sanitario Urxente na Area Sanitaria de Vigo nos anos 2020 e 2021 e con que empresas

- Número de servizos realizados mensualmente durante estes anos.

- Prezo abonado por servizo realizado.

- Tipo de ambulancias que utilizan estas empresas para a prestación de asistencia sanitaria urxente.

-Número de profesionais por ambulancia.

-Instalacións da area sanitaria de Vigo onde realizan as tarefas obrigatorias de desinfección e de que tipo realizan.

- Controis de calidade realizados polo 061 sobre estas empresas.

CSV: BOPGDSPG5a2w8MoiB3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 13:49:29
Nº Rexistro: 22169
Data envio: 20/09/2021 13:49:29.172

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Abrir unha investigación sobre o falecemento o pasado 16 de setembro dun doente mentres era trasladado ao hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo nunha ambulancia que non estaba adaptada para poder prestar asistencia sanitaria, ademais de contar unicamente cun condutor.

3. Que o 061 proceda a reforzar o servizo de ambulancias en toda Galiza, dimensionar os recursos, tanto materiais, de vehículos e persoal, para evitar a situación presente de insuficiencia manifesta de ambos, para poder atender as necesidades deste servizo e deixar de contratar con empresas sen licitación previa e que non cumpren coas condicións legais nin de vehículos nin de persoal.

4. Garantir que todas as ambulancias que prestan servizo para o 061, de categoría inferior ás de Soporte Vital Avanzado, conten coma mínimo con dous profesionais sanitarios TES que poidan prestar asistencia axeitada durante o traslado e contar co material necesario para facelo.

5. Que proceda a realizar unha inspección xeralizada nas empresas coas que o 061 contrata servizos de Transporte Sanitario Urxente Terrestre, para facer unha labor de comprobación das denunciadas efectuadas.

6. Iniciar todas as accións precisas para proceder ao rescate progresivo da externalización do transporte sanitario terrestre, e pasar a prestar o servizo de xeito directo pola Xunta."

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2021

CSV: BOPGDSPG5a2w8MoIB3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 13:49:29
Nº Rexistro: 22169
Data envio: 20/09/2021 13:49:29.172

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 20/09/2021 13:48:29

Iria Carreira Pazos na data 20/09/2021 13:48:35

Olalla Rodil Fernández na data 20/09/2021 13:48:46

CSV: BOPGDSPG5a2w8MoiB3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2021 12:50:22
Nº Rexistro: 21381
Data envio: 10/09/2021 12:50:22.587

grupo parlamentario popular de galicia

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento** e **Daniel Vega Pérez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

Exposición de motivos

Nestas datas comezou a última fase na negociación sobre a reforma do Regulamento Europeo de Control Pesqueiro. Este Regulamento (CE) 1224/2009 establece o réxime comunitario de control dentro do marco da Política Pesqueira Común, tendo como principal obxectivo o control e monitoreo das actividades levadas a cabo polas frotas pesqueiras en augas comunitarias.

Desde o comezo da súa tramitación as medidas contempladas no devandito Regulamento espertaron inquietude e moito rexeitamento entre as diferentes frotas pesqueiras, tamén entre gobernos autonómicos e parlamentarios europeos.

Dentro do conxunto de medidas contempladas neste Regulamento, as que están a provocar maior rexeitamento dentro do sector pesqueiro, e especialmente na frota artesanal, atópanse a obrigación de instalar cámaras a bordo en barcos de máis de 12 metros de eslora; a obrigación de notificar as súas capturas antes de chegar a porto a todas as embarcacións de máis de 4 metros, obrigando á instalación dun diario

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG5a2w8MoIB3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2021 12:50:22
Nº Rexistro: 21381
Data envio: 10/09/2021 12:50:22.587

electrónico de pesca; Obrigar a instalar dispositivos que permitan a xeolocalización en todo momento de barcos de máis de 4 metros.

Nas últimas semanas o sector pesqueiro trasladou unha vez máis, o seu rexeitamento aos plans do Goberno de España de poñer en marcha a modo de experiencia piloto as medidas contempladas no Regulamento, investindo 1,5 millóns de euros, principalmente no desenvolvemento dunha aplicación informática e na compra de 150 tabletas para probar en 150 barcos pesqueiros en Galicia. O sector non entende este proceder cando desde a Secretaría Xeral de Pesca déraselles palabra de defender en Bruxelas as demandas da frota española dentro das negociacións que agora comezaron para a aprobación do regulamento de Control.

Para os representantes do sector pesqueiro, as medidas de control xa existentes son suficientes, e as propostas incluídas no Regulamento aínda sen aprobar o que xeran é un exceso de celo que non garante o cumprimento das normas e o que si provocarán é unha importante complicación da actividade a bordo.

Chama a atención que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación por medio da Secretaría Xeral de Pesca decida sen contar co sector, investir 1,5 millóns de euros en medidas que aínda non están aprobadas no Regulamento de Control, cando as prioridades e demandas presentadas desde o sector pesqueiro apuntan a cuestións como a modernización da frota, melloras dos barcos, seguridade das embarcacións, melloras en lonxas e promoción dos produtos pesqueiros, etc..

Chegados a este momento, o Goberno de España debe practicar unha defensa rigorosa dos intereses dos nosos mariñeiros na fase decisiva de negociación, poñendo por diante as cuestións que desde o sector sinalaron como inasumibles e de maneira

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG5a2w8MoiB3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2021 12:50:22
Nº Rexistro: 21381
Data envio: 10/09/2021 12:50:22.587

grupo parlamentario popular de galicia

moi especial as medidas que máis afectan á frota artesanal, a gran prexudicada neste reforma.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España:

1.- Trasladar durante as negociacións nos trílogos do Regulamento de Control da Pesca (CE) 1224/2009, o rexeitamento ás medidas contempladas, especialmente as referentes á pesca costeira artesanal e, de forma específica, as referidas á obrigatoriedade de instalación de cámaras a bordo a obrigación de instalar o Diario Electrónico de Pesca na frota artesanal e a imposición da xeolocalización en barcos de máis de 4 metros de eslora.

2. Frear e deixar sen efecto as accións conducentes á aplicación das medidas recollidas no texto de proposta de modificación do Regulamento de Control, con especial referencia á licitación do desenvolvemento e mantemento dunha aplicación para a comunicación de capturas, declaración de desembarque e xeolocalización da frota pesqueira a pequena escala (Expediente: 2021/SP10019) e daquelas actuacións relacionadas coa instalación de CCTV".

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG5a2w8MoIB3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2021 12:50:22
Nº Rexistro: 21381
Data envio: 10/09/2021 12:50:22.587

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 10/09/2021 12:38:46

Teresa Egerique Mosquera na data 10/09/2021 12:39:07

José Manuel Balseiro Orol na data 10/09/2021 12:39:20

Ana Belén García Vidal na data 10/09/2021 12:39:32

Manuel Santos Costa na data 10/09/2021 12:39:40

José Alberto Pazos Couñago na data 10/09/2021 12:39:47

María Elena Suárez Sarmiento na data 10/09/2021 12:39:58

Daniel Vega Pérez na data 10/09/2021 12:40:11

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG5a2w8MoiB3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2021 12:59:14
Nº Rexistro: 21387
Data envio: 10/09/2021 12:59:14.009

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Noa Díaz Varela, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

Diversas entidades ecoloxistas, alertadas por veciñanza da zona, están a denunciar a repentina mortaldade masiva de gaivotas neste mes de setembro no encoro de Vilagudín, nos concellos de Ordes, Tordoia e Cerceda, unha situación que xa se producira no ano 2016.

Neste momento, segundo as testemuñas, na beira do encoro hai xa medio cento de gaivotas mortas e unhas trinta agonizantes, ás que hai que lle sumar unhas sesenta no centro do encoro que xa dan mostra de estar enfermas.

Persoal investigador universitario está xa a tomar mostras para realizar análises que diluciden as causas desta mortaldade.

Ornitólogos e persoal experto consultado polos medios de comunicación apuntan que a causa podería ser botulismo, unha intoxicación por unha bacteria que paraliza os músculos, e apunta a hipótese de que se intoxiquen por iren alimentarse no vertedoiro de Sogama.

Trátase, xa que logo, dun problema ambiental dado que a permanencia e descomposición dos cadáveres provocan unha afectación na cadea trófica do encoro de xeito que periga a colonia de gaivotas pero tamén a fauna local que se alimenta deses cadáveres.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que tome medidas para solucionar de inmediato a mortaldade da comunidade de gaivotas que se está a producir no encoro de Vilagudín, procedendo á retirada urxente de cadáveres e á súa limpeza.

Pazo do Parlamento, 10 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 10/09/2021 12:52:48

CSV: BOPGDSPG5a2w8MoiB3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2021 12:59:14
Nº Rexistro: 21387
Data envio: 10/09/2021 12:59:14.009

Pablo Arangüena Fernández na data 10/09/2021 12:53:03

Paloma Castro Rey na data 10/09/2021 12:53:17

Gonzalo Caballero Míguez na data 10/09/2021 12:53:27

CSV: BOPGDSPG5a2w8MoiB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21398
Data envio: 10/09/2021 14:20:23.076

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

O Consello da Cultura Galega organizaba a finais do ano 2019 o Foro Patrimonio e Sociedade, unha iniciativa que se desenvolvería ao longo dun ano e medio coa fin de tratar o que debe ser o camiño ou cambio de paradigma para unha axeitada xestión do patrimonio galego, que hoxe se mostra a todas luces insuficiente.

O foro viña motivado polo traballo da sección de Patrimonio e Bens Culturais do CCG ao longo dos últimos anos, que chamaba a reflexionar acerca de numerosas cuestións sobre a xestión do patrimonio cuxo tratamento debera ser actualizado: dende se son efectivas as políticas de protección da Lei de Patrimonio Cultural ata se é necesaria unha transversalidade real na toma de decisións sobre o patrimonio ou mesmo se é preciso revisar o funcionamento da Comisión de Cultura do Parlamento.

O proxecto, no que participaron numerosas persoas expertas, o tecido social implicado na materia e mesmo os partidos políticos con representación parlamentaria, culminou este verán nunha *Guía práctica para a análise dun sector clave na gobernanza do futuro*.

Nesa Guía achéganse as conclusións específicas de cada unha das tres mesas de traballo -*Patrimonio, políticas públicas e normativa legal; Xestión patrimonial: conservación, protección e promoción-difusión do patrimonio cultural*; e *Patrimonio, educación, formación e cidadanía-*, pero tamén catro ideas forza a xeito de conclusións imprescindibles para unha mellora da xestión patrimonial en Galicia e que no PSdeG compartimos.

O CCG propón así, como ideas xerais e fundamentais, elaborar un plan autonómico patrimonial de Galicia, a creación dunha comisión de patrimonio no Parlamento galego, un observatorio do patrimonio e un órgano interadministrativo de coordinación da política patrimonial co obxecto de atender a necesaria transversalidade nesta materia.

No PSdeG somos conscientes de que é preciso revisar a concepción actual que existe sobre a xestión do patrimonio e actualizala para así pór en marcha políticas efectivas que protexan e poñan en valor o noso inxente patrimonio cultural, e por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a que, de acordo ás recomendacións do Consello da Cultura Galega, comece un proceso de

CSV: BOPGDSPG5a2w8MoiB3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21398
Data envio: 10/09/2021 14:20:23.076

redefinición da política de xestión do patrimonio cultural con tres primeiras accións concretas:

1º) Elaboración dun plan autonómico patrimonial de Galicia a partir da Guía Práctica resultado do Foro Patrimonio e Sociedade do CCG, con dotación orzamentaria para o seu desenvolvemento.

2º) Creación dun observatorio de Patrimonio, cunha sección dedicada á Educación Patrimonial

3º) Creación dun órgano interadministrativo de coordinación da política, normativa e xestión integral do patrimonio cultural de Galicia.

Pazo do Parlamento, 10 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 10/09/2021 14:16:26

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/09/2021 14:16:40

Gonzalo Caballero Míguez na data 10/09/2021 14:16:53

CSV: BOPGDSPG5a2w8MoIB3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 11:42:34
Nº Rexistro: 21463
Data envio: 13/09/2021 11:42:34.759

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz**, **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Castro de Rei conta cunha poboación de máis de 5.000 habitantes, é polo tanto un concello que debe ter servizos acordes co volume de poboación.

No ano pasado por causa da pandemia foi pechado o consultorio de Castro de Rei no que había un médico e un enfermeiro, sendo estes trasladados ao Centro de Saúde de Castro Riberas de Lea, o núcleo de poboación máis poboado do concello.

Durante os meses de verán aconteceu en numerosas ocasións o centro de saúde quedara unicamente cun médico/a por causa de estar o resto de persoal facultativo de baixa médica ou de permisos de vacacións, ou outros.

Isto supón na práctica que un só médico/a se ocupe do total da poboación do Concello, cuestión imposible, sen discusión.

É por isto, que os profesionais do centro que quedan con efectivos minguados sofren a precariedade das condicións laborais, cun estrés dificilmente asumible polas exixencias das cargas de traballo.

CSV: BOPGDSPG5a2w8MoiB3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 11:42:34
Nº Rexistro: 21463
Data envio: 13/09/2021 11:42:34.759

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero tamén a poboación sofre as consecuencias da falta de cobertura do persoal facultativo que lle corresponde, tendo demoras de cerca de un mes para unha atención médica, é dicir, hai listas de espera de cerca de un mes para ver unha necesidade de saúde, isto, sen a seguridade de que non lle cambien a cita para máis tarde.

As usuarias/os tamén sofre a inseguridade que dá a consulta telefónica, ou non poder resolver dúbidas variadas coa axilidade necesaria nesta época COVID.

Así mesmo, a falta de cita médica fai que a non renovación de receitas deixe ás persoas que precisan medicación sen posibilidades de conseguila, "fiada", na súa farmacia porque estes profesionais non poden xustificar esta fianza, máxime de medicacións concretas que poderían ter implicacións legais no caso de dispensarse sen receita

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a que:

- Garanta a carteira de servizos sanitarios no centro de saúde de Castro Riberas de Lea para toda a poboación, garantindo temen as condicións laborais do persoal e a correcta atención sanitaria á poboación.

-Posibilite que as persoas con patoloxías crónicas teñan a atención precisa para as súas patoloxías, entre elas a receita periódica para as súas patoloxías, de modo que non teñan problemas coa súa farmacia.

CSV: BOPGDSPG5a2w8MoIB3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 11:42:34
Nº Rexistro: 21463
Data envio: 13/09/2021 11:42:34.759

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Permita así mesmo que as persoas con COVID se sintan acompañadas xunto coas súas familias, dende o punto de vista médico, humano e psicolóxico.

-Restaure e manteña a atención sanitaria completa no concello de Castro de Rei e por suposto no Centro de Saúde de Castro Riberas de Lea.”

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 13/09/2021 11:35:41

María del Carmen Aira Díaz na data 13/09/2021 11:35:46

María Montserrat Prado Cores na data 13/09/2021 11:35:57

CSV: BOPGDSPG5a2w8MoiB3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 11:42:34
Nº Rexistro: 21463
Data envio: 13/09/2021 11:42:34.759

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 13/09/2021 11:36:05

CSV: BOPGDSPG5a2w8MoiB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 13:31:04
Nº Rexistro: 21496
Data envio: 13/09/2021 13:31:04.556

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Manuel Lourenzo Sobral** e da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Actualmente estase a tramitar no monte Castrove un parque eólico de 24 MW, formado por 4 aeroxeradores de 6 MW e unha subestación de transformación.

